

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de outubro de 2022**

Ás 17.51 horas do día 17 de novembro de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste a deputada do Grupo Socialista dona Susana Rodríguez Estévez (substituída por don Aurentino Alonso Araújo).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de outubro de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 20 de outubro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- RATIFICACIÓN DA DECISIÓN DE INICIAR O EXPEDIENTE DE OUTORGAMENTO DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA DE OURENSE A DON ANTONIO CARREÑO GONZÁLEZ.

A presidenta da comisión expón o contido da proposta.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, di que se alegran porque isto foi a iniciativa do Partido Socialista de Parada de Sil, e sobre todo polo personaxe, xa que é un dos grandes expertos da literatura do século de ouro a nivel municipal e un experto en Lope de Vega. É impresionante onde chegou un mestre dos anos 60 que exerceu en varias localidades do rural da provincia de Ourense e marchou a EEUU e alí acadou esas cotas tan altas de coñecemento e de influencia no mundo da literatura.

Non se producen máis intervencións e por unanimidade a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Ratificar a decisión da Presidencia do inicio do expediente de outorgamento da Medalla da Ouro da Provincia de Ourense a don Antonio Carreño González, mediante a seguinte providencia do 3 de novembro de 2022:

“A Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, tras unha reunión no Pazo Provincial co filólogo e investigador Antonio Carreño González (Parada de Sil, 1939), para comunicarlle que se iniciaría o expediente para distinguilo coa Medalla de Ouro da provincia.

*Polo exposto, **DISPOÑO:***

1º.- Incoar o expediente para a concesión da Medalla de Ouro da provincia ao filólogo e investigador Antonio Carreño González.

2º.- Designar ao deputado provincial e vicepresidente segundo don César Manuel Fernández Gil como instrutor do expediente, conforme co que dispón o capítulo III do Regulamento de Honores e Distincións da Deputación de Ourense. O deputado instrutor actuará asistido polo asesor de presidencia don Aurelio Gómez Villar, que actuará como secretario do expediente.

3º.- *Solicitarlle á Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade que ditamine favorablemente a ratificación, por parte do Pleno da Deputación Provincial de Ourense, da decisión de iniciar o dito expediente”.*

3º- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, do BNG, di que desde o grupo provincial do BNG de Ourense solicitamos información a respecto da situación que está pasando o COB coas querelas criminais por parte do accionista maioritario, tanto ao Concello de Ourense como á Deputación como accionistas do club. Queremos trasladar a nosa preocupación ao respecto do club senlleiro para a capitalidade ourensá, que non estando nos mellores momentos deportivos resulta máis preocupante a súa xestión administrativa. Entendemos que tanto o presidente provincial como o alcalde de Ourense, como máximos representantes do concello e da deputación e responsables destas na representación social do club, deben aclarar cal é a situación actual a respecto do máximo accionista e se existen motivos para preocuparnos por estas graves acusacións. Preguntas: ¿cal é a situación actual a respecto do máximo accionista? ¿existen motivo para preocuparnos por estas graves acusacións?

A **presidenta da comisión** dá lectura a un informe do responsable da área, Benarndino González, co seguinte contido: *“En relación ás preguntas formuladas polo BNG, en referencia á presunta querela polos máximo accionaista do COuB, cabe informar: ¿Cal é a situación actual con respecto ao máximo accionista? Como se manifestou publicamente, esta institución non avaliou a incorporación de don Pedro Fernández ao actual consello de administración do club, baséndose no incumprimento do compromiso adquirido polo Sr. Fernández, de adquirir polo menos o 51% das accións da entidade. A constitución do devandito consello de administración foi, entre outros, apoiado polo propio Sr. Fernández e o Concello de Ourense, pasando a formar parte como conselleiro do club, para posteriormente presentar, tras unhas semanas, a súa renuncia. ¿Existen motivos para preocuparnos por esas graves acusacións? Pola nosa banda non temos preocupación ningunha con respecto a esas acusacións, e coa presunta presentación dunha querela”.*

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, solicita que se incorpore esta resposta á acta para poder dispoñer dela e agradecen a resposta dada.

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta pola comisión de patrimonio.

D. César Fernández Gil, do Grupo Popular, dá resposta a esa pregunta manifestando que en setembro tiveron unha reunión e xa se aprobou definitivamente o regulamento. A parte administrativa está totalmente solucionada desde o dito mes de setembro e di que lles fará chegar o dito regulamento aos grupos.

E, ás 17.58 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.